

ORAL DE GALICIA
ESTRADA XERAL DE VALLADARES Nº 261
36.315 - VIGO
TELF: +34 - (9)86 - 467053
FAX: +34 - (9)86 - 467052
Http:www.ctv.es/USERS/cvallada
E-mail: cvallada@ctv.es
CIF:G-36845428



PROGRAMACIÓN XERAL

OBRADOIRO DIDÁCTICO: A REGUEIFA, (O INXENIO E A POESÍA ORAL IMPROVISADA) PARA RAPACES

A.1) Motivación:

O que nos leva a presentar esta proposta é a necesidade imperiosa de que esta tradición que nos chega dende tempos inmemoriales non se perda no tempo que nos toca vivir de forma irreversible simplemente polo feito de non haber quen se preocupe dela. Como ademais somos da idea que os seus valores e contidos non están esgotado e son plenamente vixentes e teñen ademais cualidades pedagóxicas e de entretenemento inexplorados ata a data por aquí é polo que nos decidimos a promover esta experiencia absolutamente novedosa e pioneira que agardamos dé os resultados previstos.

A.2) Obxectivos:

- a) Dar a coñecer o fenómeno da poesía oral improvisada en verso.
 - b) Espertar posibles vocacións na práctica desta manifestación artística.
 - c) Utilizar esta forma de expresión como elemento didáctico de estudio das distintas compoñentes de fenómeno poético:
 - Tipo de estrofas.
 - Rima.
 - Tonada.
 - Métrica.
 - Outros.
 - d) Conseguir que os rapaces sexan capaces de realizar unha copla improvisada o remate da sesión.
 - e) Facelos participar doutra serie de compoñentes educativos:
- A. Desenrolo de competencias persoais.
- Actitudes e competencias para a improvisación.
 - Autoconfianza—autoestima.
 - Actitude creativa e axilidade mental.
 - Competencias para organizar a comunicación.
 - Desenrolo da memoria.
- B. Implicación do alumno no patrimonio cultural.
- Coñecemento da improvisación oral como expresión cultural universal que desenrola certas facultades humanas.
- C. Potenciación complementaria da competencia musical, lingüística e escénica.

A.3) Regueifeiros responsables do taller:

➤ Luís “ O Caruncho” (Vigo) Telf: 986 471 831.

Intérprete e mestre gaiteiro, zanfonista con espectáculos en solitario de cantares de cego, ademais de compoñente do grupo de música tradicional “Os Carunchos”. Conta cunha sólida formación no mundo da música tradicional galega a que lle leva dedicado moitos anos pese a ser aínda un mozo. Ganámolo para a causa Regueifeira nun dos nosos certames Internacionais de Regueifeiros.

➤ Pinto “d’Herbon” (Padrón) Telf: 610 320 315.

O seu nome saíu a relucir a finais dos oitenta e primeiros noventa a raíz dunha gravación duns textos tremendamente inxeniosos de hip-hop agrario que por entón foi asociado o movemento de Rock bravú galego da época do que foi un dos seus representantes mais destacados.

Foi igualmente captado para causa Regueifeira nun destes Certames. Ocasionalmente podería participar algún outro Regueifeiro se a situación o requirise.

A.4) Perfil dos participantes neste taller e número:

A actividade que se establece oríentase a alumnos de 12 a 16 anos, é dicir estudantes de ESO que son os que teñen dentro dos contidos académicos, na rama de linguaxe temas relacionados coa poesía. Pola característica do taller está pensando para que poidan participar un mínimo de 25 rapaces e un máximo de 50.

Poderían participar así mesmo escolares de 5º e 6º de Primaria (10 a 12 anos). Sería recomendable que os profesores repasaran cos alumnos previamente a sesión algúns conceptos do feito poético popular.

A.5) Duración:

A duración máximado taller sería de entre 45 e 60 minutos, e estaría dividido conceptualmente en tres partes de entre 15 e 20 minutos cada unha delas.

A.6) Necesidades técnicas e de material (a aportar polo colexio que acolla a sesión):

a) Escenario:

Non ten que ter medidas específicas nin ningún outro tipo de característica, o que si sería recomendable é unha proximidade entre os participantes e os Regueifeiros. Isto lévanos a pensar que o mellor sería máis positivo actuar nos propios colexios que nun gran auditorio, pero en todo caso non son incompatibles ambas propostas.

b) Iluminación suficiente no lugar da “actuación/representación.

c) Son:

Dependendo do número de participantes e do recinto así serán as características técnicas da megafonía ou da ausencia dela, en todo caso será indispensable, en local grande:

- 2 micros de voz, a ser posible inalámbricos
- micros suficientes para unha gaita e unha zanfona que nunca soarían á vez, e tamén unha pandeireta.
- Un micro para o público/participante (recomendable).

d) Outras necesidades de material:

- Dúas cadeiras normais.
- Unha pizarra tamaño mediano con soporte ou fixa.
- Tizas/viledas.
- Borrador.
- Sería interesante poder gravar en vídeo e se houberse ocasión proxectar igualmente un vídeo de apoio.
- Non se entregara, polo menos este ano, ningún tipo de material ós participantes

A.7) Contido do taller:

É indubidable que o tempo previsto para este taller é mais ben reducido pero co fin de poder cumprir os obxectivos marcados decidimos dividir en tres bloques o contido para que se poida abordar neles diferentes aspectos da poesía oral improvisada de carácter popular.

Nestes tres bloques, pese a que como dixemos se abordarán diferentes aspectos, non se poderá afondar moito neles por falta de tempo, haberá unha serie de contidos/conceptos que estarán de fondo durante toda a sesión como son a estrofa, a rima, a tonada, o verso, a musicalidade,..., todas elas características intrínsecas da poesía.

Cabe dicir que os Regueifeiros van a intentar que tódalas explicacións que se fagan dos contidos dos distintos bloques se leven a cabo en verso. Este tipo de composición dentro da Regueifa denomínase “Rezada” e aseméllase moito o que sería conversar en verso.

1º bloque: introducción a poesía oral improvisada de carácter popular: (15 minutos aprox.)

- Perspectiva teórica:
 - Explicaríase a evolución que seguiu a Poesía Oral Improvisada ata o día de hoxe.
 - Enmarcaríase a Regueifa dentro do resto de manifestacións similares que existen tanto na Península, como en Latinoamérica e no resto do mundo.
 - Introduciríanse as principais compoñentes da poesía: a linguaxe (lírica/enxeñosa), o ritmo, os distintos tipos de poesías, as estrofas e a métrica, o verso, a rima, a tonada, os recursos literarios, a controversia,...
- Perspectiva práctica:
 - Poríanse exemplos das manifestacións mais arcaicas dos desafíos poéticos e da súa evolución ata hoxe (o rap).
 - Construíríanse outro tipo de versos distintos das tradicionais cuartetos galegos que son usados noutras latitudes: quintillas, décimas, etc.
 - Cos exemplos anteriores e outros que foran xurdindo faríase fincapé nas compoñentes do fenómeno poético anteriormente expresadas.

2º bloque: A Regueifa. (15-20 minutos)

- Perspectiva teórica:
 - Modalidades de improvisación oral en Galicia:
 - A regueifa (variedades): Rezada e Cantada.
 - O Brindis.

- A súa rotación/conexión con outro tipo de construcións en verso de temática diversa que no seu día puideran ter raíces improvisadas, pero que co paso do tempo a perderon.
- Os recursos e a técnica dos desafíos orais improvisados en verso de carácter popular e baseados no enxeño (a memoria, o enxeño, a rima, o tempo, a improvisación, a entoación, a concentración, o público, as coletillas, a linguaxe, o acompañamento musical, a temática, ...)
- Perspectiva práctica:
 - Construción de exemplos de Regueifas cantadas e Brindis sobre os que se irán explicando os recursos e mecanismos técnicos empregados na súa execución.
 - Poranse exemplos de outro tipo de coplas populares como poden ser:
 - Xaneiras ou cantares de Reis.
 - Coplas de entroido, atranques,...
 - Maíos
 - As asociadas a labores agrícolas (esfolladas,sega, malladas, vendima,...)
 - Outras empregadas nas cantigas de tradición oral e carácter popular (cornetadas, seráns,...)

3º bloque: exercicios de improvisación e enxeño de ida e volta. (15-20 minutos)

- Perspectiva teórica:
 - Os regueifeiros someteranse a distintos exercicios de habilidade que lle establezan os participantes.
 - Os participantes someteranse a exercicios lingüísticos orientados cara á construción poética que se intentará culmine nun intercambio de coplas improvisadas en verso.
- Perspectiva práctica:
 - Os regueifeiros farán exercicios de habilidade e enxeño tales como:
 - Construír unha copla que remate no verso que queiran os participantes (pé forzado).
 - Puzzle de palabras (teñen que meter dentro da estrofa pactada un nº de palabras predeterminado facilitadas polo público).
 - Regueifar sobre unha temática dada ou pórse nunha situación dada polos participantes (desempeñar un rol).
 - Propóraselle os participantes distintos xogos como poden ser:
 - A asociación de palabras.
 - A construción dun verso.
 - A realización dun pareado.
 - A realización dunha quarteta/copla.
 - Establecer unha controversia / realizar unha regueifa.
 - Fin de sesión conxunto entre Regueifeiros e participantes.

A.8) A Metodoloxía a empregar:

Creemos que toda a sesión vai a ser dinámica e participativa variando a súa intensidade entre os distintos bloques e dependendo tamén do grado de implicación que se consiga do público.

Por bloques:

No 1º o peso recaerá máis sobre os Regueifeiros xa que terán que introducilos no tema e a participación do público será esporádica, no 2º os asistentes intervirán un pouco máis e no terceiro agardamos que copen eles case que todo o tempo.

Pensamos a sesión para que a intensidade da mesma vaia de menos a mais e @s_moz@s se leven unha experiencia satisfactoria para casa e poidan ser partícipes doutros espectáculos similares.

A.9) A avaliación:

Independentemente da avaliación que faga esa entidade pola súa conta ou calquera outra que se faga en conxunto, pola nosa banda teríamos interese en repartirlle ós participantes algún tipo de enquisa (a deseñar) que nos servira para ir perfeccionando esta proposta.

A.10) Posta en marcha das sesións:

Por motivos técnicos e organizativos dende a aceptación desta proposta ata a súa posta en práctica deben de transcorrer un mínimo de 15 días.

A.11) O orzamento:

Na actualidade estase cobrando para este tipo de obradoiros, 300€ por unha sesión e 400€ por dúas (inclusive tódolos gastos).

En todo caso, non queremos que isto sexa un atranco para poder levar a Regueifa alá onde nola reclamen.